



Mini e Mero recibirán o VI Premio Día da Galiza Mártir

Mércores, 08 Agosto 2012



Os músicos Xosé Luís Rivas Cruz ‘Mini’ (Begonte, 1951) e Baldomero Francisco Iglesias Dobarrio ‘Mero’ (Vilalba, 1951) recibirán o VI Premio Día da Galiza Mártir que outorga a Fundación Alexandre Bóveda.

O acto de recoñecemento e entrega levarase a cabo no xantar do propio día da Galiza Mártir, o 17 de agosto, en Pontevedra. Todos aqueles que estean interesados en participar poderán facelo poñéndose en contacto coa fundación organizadora.